Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIV - Nº 166. Novembro 2019. Distribución gratuíta

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA

Tralo comezo das obras, Melide terá novo centro de saúde en 2020

Despois de anos de espera, e múltiples trámites, a finais de outubro comezaron os primeiros traballos para a construción dun novo ambulatorio en Melide. Se todo vai segundo o previsto o centro de saúde, no que a Xunta inviste 2,7 millóns de euros, debería estar rematado en novembro de 2020. Dende a oposición, o PP "agradece a implicación" da Administración autonómica, mentres o goberno local esixe máis persoal e arranxa as deficiencias no edificio actual. P8

O goberno de Melide estuda como ampliar o solo industrial

Trala reunión mantida coa xerente de SEA, consideran que hai "posibilidades reais" de ampliación. Está prevista unha reunión cos empresarios en breve. P11

Exaltación dos produtos típicos da zona en Toques o sábado 30

Haberá actividades, unha exposición e tamén degustación de torresmos. Durante a xornada presentarase o programa a desenvolver na vila de cara ao Xacobeo. P12

EMPRESA
Os socios de Asetem xa poden inscribirse na XXI campaña de Nadal P3

MELIDE
Demandan máis vixilancia ante os roubos acontecidos no sector hostaleiro P10

LECER
Volve a Semana da Música de Melide cunha homenaxe a súa historia P17

ENTREVISTA

Luz Divina Lamela, Pazo de Eidián P23

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

30 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Regular os alugueiros

Hai pouco coñeciamos que os alugueiros máis caros do país estaban en Madrid (cunha media de 819 € ao mes), mentres que os máis baratos podiámolos atopar en zonas como Lugo, Ourense, León ou Huesca (por menos de 400 € ao mes). Pero, e que hai de Melide?

Tras indagar no prezo dos alugueiros da contorna –referímonos aos que recollen as inmobiliarias– sabemos que o prezo medio anda en torno aos 300 euros, e que moito máis diso resulta difícil de alugar. Pero tamén sabemos que por menos de 200 euros vai ser complicado que atopemos algo, e menos en boas condicións.

Ante isto, e tendo en conta que en cuestión de opinións sempre hai para todos os gustos, preguntámonos se os prezos non son excesivos para unha vila como a de Melide, onde a poboación é de pouco máis de 7.000 habitantes. E non só iso, pois ao feito de non ser un concello excesivamente grande hai que sumar que a vivenda que se aluga non adoita ser vivenda a estrear.

Poñamos por caso unha persoa que vén a traballar na comarca nunha determinada época do ano como pode ser o verán, por exemplo na hostalería, nun albergue, ou mesmo de monitor. Se ao soldo lle temos que descontar case 300 euros de alugueiro, máis auga e luz, pouca rendibilidade lle vai a sacar ao seu traballo; ou o que é o mesmo, sería inviable e ademais estariamos perdendo unha oportunidade de traballo.

Pode ser que a pouca oferta de vivenda en alugueiro fronte a alta demanda que si existe, segundo os datos que manexan dende as inmobiliarias, sexa unha das causas que motiven a alza do prezos.

A iso hai que engadir a situación pola que atravesa a construción de vivenda na contorna, e que é practicamente nula agás a previsión de comezar algún edificio nos vindeiros meses. Neste senso, en certo modo é comprensible, pois tampouco é Melide unha vila cunha excesiva demanda en canto a compra de vivendas. A que nos leva isto? De novo ao peixe que se morde a cola: ante a falla de demanda non se constrúe, e ante a falla de construción tampouco se demanda.

Sexa como sexa, atopámonos coa dificultade do acceso a unha vivenda en boas condicións (e a un prezo axeitado) nunha vila na que non debería haber maior problema, pero na que seguramente estamos perdendo oportunidades.

Ante esta situación, regular os alugueiros podería ser unha boa opción, sobre todo se temos en conta que pode chegar unha demanda incluso maior de cara ao próximo Xacobeo coa burbulla dos alugueiros turísticos.

Tribuna de opinión

A saúde no traballo

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Os datos non son nada alentadores e proba diso son a cantidade de titulares que atopamos día tras día na prensa: “A precariedade dispara os accidentes laborais: medran o dobre nos temporais”, “Aumenta o número de accidentes laborais en Galicia”, ou “Falece un traballador nun accidente laboral”.

E por se isto fose pouco, os datos sobre sinistralidade laboral indican que Galicia é dende hai anos a comunidade con máis accidentes laborais mortais por traballador.

Podemos pensar que se trata dunha situación que só afecta –ou afecta maiormente– a sectores concretos, como por exemplo o da construción. Pero o caso é que ninguén de nós no noso posto de traballo está exento de verse na necesidade de enfrontarse a unha situación así.

Entre as causas atopamos diversos motivos como pode ser un despiste, a confianza en exceso e, cada vez máis, a precariedade laboral. A falta de medios ten como consecuencia que en moitas ocasións un traballador acabe realizando a súa tarefa e outras que non lle pertencen sen recibir a formación axeitada. E xa non falemos dos autónomos, ese ser “tan polivalente”.

Por iso, toda precaución en relación á saúde no traballo é pouca, e iso inclúe tamén a formación.

Como colectivo que aglutina a comercio e empresas de todo tipo, dende Asetem insistimos na necesidade de estar ao día en materia de Prevención de Riscos Laborais e, aínda que cada empresa conte co seu propio plan, animamos a todos os socios e socias a asistir ás diferentes xornadas que organizamos en torno a esta temática, como foi por exemplo a última sobre Sensibilización en Prevención de Riscos Laborais no comercio de proximidade.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Asociación Cultural e Veciñal Melidá,
Centro de Información á Muller (CIM) de Melide, Asociación Alecrín
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....8
- COMARCA.....12
- CULTURA E LECER 17
- COLABORACIÓNS.....21
- ENTREVISTA.....23

Aberto o prazo ata o 25 de novembro para inscribirse na XXI campaña de Nadal

Instantáneas da pasada campaña de Nadal

É á campaña da asociación por excelencia e xa está aquí un ano máis. Falamos da vixésimo primeira edición de "Este Nadal toca en Melide" que, como todas as iniciativas do colectivo, persegue estimular as compras na vila e premiar a fidelidade do cliente.

Para participar nela os establecementos asociados a Asetem – CCA terán de prazo para inscribirse ata o 25 de novembro ás 13:00 horas, ben de xeito presencial nas oficinas da asociación (R/Lino Sexto Sánchez 1, baixo), ou ben a través dunha chamada ao número de teléfono 981 506 188. O material necesario para a campaña (bases, rifas e cartelería) recollerase na sede de Asetem a partir dese mesmo día, 25 de novembro, en horario de 9:00 a 13:30 horas, e antes do día 1 de decembro.

Por outra banda, e tal e como se realiza dende hai anos, os comercios ou empresas que estean interesados en anunciarse na radio local terán que comunicalo na emisora municipal antes do día 18 de novembro. Poderán elixir entre emitir a cuña publicitaria do ano pasado ou realizar unha nova. En tal caso, deberán achegar a súa proposta a Radio Melide no menor espazo de tempo posible. De non facelo antes do día 18 de novembro, os avisos posteriores non se emitirán ata pasado o 15 de decembro.

Dinámica da campaña

A campaña dará comezo o día 1 de decembro e rematará o 10 de xaneiro de 2020, día no que se celebrará o sorteo ante notario na Casa da Cultura de Melide, ás 21:00 horas, dentro dunha gala musical que dará comezo ás 20:30 horas.

Pilar López, xerente de Asetem – CCA, destacou que se trata da "campaña máis asentada que desenvolve a asociación", por iso lembrou a necesidade de que todos e cada un dos comerciantes se impliquen á hora de entregar as rifas aos seus clientes; "diso dependerá o éxito desta nova edición", dixo.

Como vén sendo habitual, sortearanse sete premios en metálico, distribuídos do seguinte xeito: un premio de 2.000 €, dous premios de 1.000 €, catro premios de 500 € e un premio de 200 € (este último sortearase entre os asistentes á gala, que recibirán un boleto ao entrar no acto presentando as rifas obtidas por haber comprado nalgún dos establecementos participantes).

Este ano como novidade dende Asetem – CCA realizarase ademais un vídeo promocional da Campaña de Nadal no que se tentará buscar a participación e implicación de todos os socios. "Trátase de crear unha imaxe comercial de unidade e ao mesmo tempo de variedade, que saiba a xente que visita Melide que este é o mellor lugar para facer as súas compras, e pensamos que facelo a través dun vídeo sería algo orixinal", apuntou Pilar López.

Cumpre sinalar que na campaña participan todos os membros da asociación, pertenzan ao sector do comercio, empresas ou hostalería, coa finalidade de chegar ao maior número posible de consumidores.

Curso de Aplicador de produtos fitosanitarios

A Asociación de Empresarios Terra de Melide acollerá un curso de Aplicador de produtos fitosanitarios organizado pola empresa acreditada por Medio Rural, CVV Inforaid S.L.

Terá unha duración de 25 horas, en modalidade presencial, e desenvolverase ao longo do mes de xaneiro do ano que vén no salón de actos de Asetem.

As prazas están limitadas a un máximo de 30 persoas e a un mínimo de 20 alumnos para poder levar a cabo a formación.

Realizarase así mesmo unha proba de avaliación ao remate da formación.

A superación do curso permitirá a obtención do carné de Aplicador de Fitosanitarios emitido por Medio Rural.

O prezo do curso é de 70 euros por persoa, taxas incluídas.

Para poder inscribirse, as persoas interesadas poderán facelo a través do número de teléfono da asociación de empresarios (981 506 188), ou ben achegándose ata as oficinas de Asetem (R/Lino Sexto Sánchez, 1 - Baixo) dende este mesmo mes de novembro.

www.floristeriamaru.es
floristeria.maru@gmail.com
Floristería Maru / María Cabado

Floristería MARU

"Siempre hay flores para aquellos que desean verlas"
(Henri Matisse)

Rúa do Convento, 9
15800 · A Coruña
Tlfns. 981 50 75 80 / 607 50 75 79

Augardentes e licores de Galicia *maridan* cos doces de Melide en Viñoteca Ribeirao

Foto: OG

Mesturar augardente e licores galegos con doces típicos de Melide sempre é unha aposta segura, e iso é o que fixeron dende o Consello Regulador dos Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia e a asociación de repostería tradicional de Melide, Melide Terra Doce, ofrecendo unha completa cata-maridaxe, nesta ocasión, na viñoteca Ribeirao; un establecemento que dispón dunha sala de catas perfectamente acondicionada para este tipo de eventos.

A sesión contou coa asistencia dunha quincena de persoas interesadas en coñecer máis sobre os destilados galegos con selo de calidade e orixe, e as súas posibles combinacións coas sobremesas típicas da zona.

A encargada de dirixir a cata comentada, con seis augardentes e licores tradicionais de Galicia para esta sesión, foi a enóloga e tamén vogal do Consello Regulador, Sonia Otero. Degustáronse así, dúas augardentes de bagazo de Galicia con base de variedade de uva Albariño e Mencía, bagazo de Galicia envellecido, augardente de herbas de Galicia, licor de herbas de Galicia e licor café de Galicia.

Entre os asistentes, sorpresa ante a ampla variedade de produtos amparados dispoñibles no mercado, así como tamén coa diversidade de matices que se poden detectar en cada un deles.

Tras unhas breves explicacións sobre as características diferenciadoras dos destilados galegos con selo de calidade e orixe, Sonia Otero deu paso a unhas recomendacións para maridar os doces típicos da comarca melidá cos augardentes e licores tradicionais de Galicia. Así, os melindres combináronse co augardente de herbas de Galicia, os ricos co licor café e os amendoados co bagazo de Galicia envellecido.

A cata maridaxe que acolleu a viñoteca Ribeirao tamén incluíu unha degustación de sobremesas entre cuxos ingredientes se incluíron os augardentes e licores tradicionais de Galicia. Esta parte da sesión correu a cargo do presidente da asociación de repostaría tradicional da Terra de Melide, Alberto Rodríguez, que deleitou aos asistentes con tres deliciosas e sorprendentes sobremesas nas que empregou ingredientes como os doces típicos de Melide.

A actividade, que tivo unha moi boa acollida por parte do público, serviu tamén para aprender un pouco máis sobre cada un dos destilados galegos e doces melidás.

Feira de Mostras e Autónomos

Máis de 80.000 persoas, segundo datos da organización, pasaron pola Feira de Mostras e Autónomos de Galicia (organizada por Feaga) na súa última edición; unha cita que este ano celebrará o 26 aniversario.

Dado que a cifra supón un importante volume de negocio para as empresas participantes, a Deputación da Coruña manifestou a súa intención de apoiar o evento nunha reunión mantida entre o deputado responsable da área de Promoción Económica, Blas García, e os presidente e vicepresidente da Federación de Autónomos de Galicia (Feaga), Francisco Javier Pérez Bello e Rafael Penide. Así mesmo, a entidade provincial anunciou que estudará "a posibilidade de contar cun posto nela, dada a gran afluencia de visitantes que rexistra cada ano".

A Feira de Mostras e Autónomos de Galicia, que se celebrará no mes de decembro en Expo-Coruña, reúne cada ano a centos de profesionais de distintos sectores como a alimentación, o téxtil, o automóbil ou os mobles.

Comercio informa en Asetem-CCA da Rede de Mercados no Camiño

A sede da Asociación de Empresarios Terra de Melide acolleu a presentación do proxecto Rede de Mercados e Comercios no Camiño que dende a Xunta de Galicia porán en marcha de cara ao vindeiro Xacobeo 2021; unha iniciativa coa que se persegue promover as vendas de proximidade en todos os concellos polos que discorre o Camiño de Santiago, como é neste caso o municipio de Melide.

A Rede de Mercados e Comercios no Camiño foi presentada da man da Dirección Xeral de Comercio, xunto á Cámara de Comercio de Santiago de Compostela e Asetem.

Marta López, subdirectora xeral de Comercio, acompañada de Rodrigo Fernández, vicepresidente de Asetem, así como de representantes da Cámara de Comercio, deron a coñecer a convocatoria aos comerciantes e animaron a todos os presentes a sumarse a esta nova iniciativa.

Durante a xornada informativa tamén houbo tempo para resolver dúbidas e, unha vez rematada, compartir un café entre empresarios e representantes institucionais.

Cumpre destacar que esta orde inclúe axudas de ata 2.800 euros por beneficiario. Os comercios que estean interesados poderán editar solucións en material biodegradable de empaquetado exterior, tanto para o seu envío como para a presentación do produto, protección ou para o seu consumo.

Os Días Azuis deixan unha premiada no comercio asociado

A campaña Días Azuis do Comercio Galego, na súa primeira edición de outono, deixou desta volta unha premiada no comercio asociado de Melide. Foi concretamente María Isabel García Enjamio, quen realizou a súa compra no establecemento Supermercados Gómez Coviran.

María Isabel García recollerá o seu premio (un cheque por valor de 150 euros para gastar no comercio local) no acto de entrega oficial que se celebrará o martes 12 de novembro, a partir das 19.00 horas, no Hostal dos Reis Católicos en Santiago de Compostela.

A campaña, organizada pola Federación Galega de Comercio, desenvolveuse nesta ocasión entre os días 1 e 20 de outubro e conseguiu un total de 108.733 tíckets rexistrados en máis de 100 localidades galegas.

POR SER DE XUSTIZA

Eva Novás
Avogada

Cando se fala de malos tratos case de forma automática pensamos na violencia de xénero xa que, por desgraza, non hai semana na que deixe de estar de actualidade e na non se coñezan novos casos.

Sen embargo, non todos os malos tratos son violencia de xénero nin reciben o mesmo tratamento legal. Debe distinguirse a violencia de xénero, que tamén se coñece como como violencia machista, doutros tipos de violencia ou malos tratos que teñen lugar no ámbito familiar e do fogar e que serían constitutivos de violencia doméstica.

A violencia de xénero é a exercida polo home sobre a muller polo propio feito de selo, referíndose a aquela muller coa que o home agresor teña ou tivese unha relación de afectividade semellante aínda que non existise convivencia. Este tipo de violencia é a que se aborda a través da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

Ambas, de xénero e doméstica, se dan no ámbito do fogar, das relacións familiares, se ben os suxeitos son distintos. No caso da violencia doméstica, o Código Penal fai unha enumeración extensa e aberta das persoas que, por consideralas especialmente vulnerables, pretende protexer dunha relación familiar violenta. Deste xeito, considérase que comete violencia doméstica aquela persoa, home ou muller, que habitualmente exerza violencia física ou psíquica sobre quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou persoa con relación similar de afectividade, aínda que non convivisen. Tamén se a violencia a exerce sobre os descendentes, ascendentes e os irmáns, xa sexan naturais, por adopción ou afinidade, e sexan os propios da persoa agresora ou os do seu cónxuxe ou convivinte. Ou sobre os menores ou persoas con discapacidade que necesiten especial protección e que convivan ca persoa agresora ou que se atopen baixo a potestade, tutela, curatela, acollemento ou garda de feito do cónxuxe ou do convivinte. Para abarcar máis supostos e máis suxeitos merecedores de protección, a norma refírese tamén a aquelas outras vítimas que, por calquera outro tipo de relación familiar ou persoal, estean integradas no núcleo de convivencia familiar coa persoa agresora, ou ben que por ser especialmente vulnerables se atopen sometidas a garda ou custodia en centros públicos ou privados.

As penas básicas previstas para estes casos son a prisión, de seis meses a tres anos, así como outras tales como a privación á tenencia e porte de armas e, de ser preciso, a inhabilitación para exercer a patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento ata cinco anos.

Existen ademais determinadas circunstancias que se consideran agravantes e que levan ó incremento da pena imposta, como son cometer a violencia en presenza de menores, empregando armas, no domicilio común ou no domicilio da vítima. Tamén cando os actos violentos se leven a cabo quebrantando unha prohibición, unha medida cautelar ou de seguridade xudicialmente imposta de forma previa.

As relacións familiares son moitas veces pechadas e complexas, como o é detectar este tipo de violencia ou abuso. Especialmente se non se concreta en actos de forza, nunha violencia física, senón que se trata dunha violencia psicolóxica, case sempre máis sutil e que precisa dunha proba máis minuciosa.

Non obstante, da mesma forma en que se aborda e se dispoñen determinadas medidas para a protección das vítimas da violencia de xénero, tamén existen recursos legais para a protección das persoas vítimas de violencia doméstica, para o que resulta fundamental a denuncia. Non só da propia vítima, o que en moitos casos non é posible nin doado, senón de calquera que teña coñecemento dunha situación de abuso deste tipo.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

Socios de Asetem-CCA fórmanse en Prevención de Riscos Laborais

A formación en Prevención de Riscos Laborais é fundamental tamén no pequeno comercio. Con ese obxectivo, a sede da Asociación de Empresarios Terra de Melide acolleu unha xornada sobre esta temática organizada pola Federación Galega de Comercio, en colaboración coa Xunta de Galicia.

Non foi maioritaria a asistencia, pero iso non restou interese aos comerciantes á hora de coñecer e saber máis sobre as obrigas do empresario fronte aos riscos producidos na contorna do seu traballo e as medidas a adoptar no caso de ser necesario.

"O sector do comercio, e máis concretamente o do comercio de proximidade en Galicia, ten unha serie de peculiaridades que fan especialmente importante a realización de actividades de sensibilización entre traballadores e empresarios", apuntaron dende a Federación, como por exemplo "o alto índice de emprendedores sen experiencia laboral previa, que descoñecen os principais riscos laborais aos que están expostos durante a súa actividade, así como a necesidade de implantar un plan de prevención de riscos laborais; ou un cadro de persoal con poucos empregados, o que pode levar a que un traballador desempeñe as funcións relativas a varios postos ou mesmo as funcións de todos os postos de traballo", xustificaron.

Entre os temas abordados durante a xornada tamén se trataron aspectos relativos aos hábitos saudables.

A actividade forma parte dunha intensa campaña de prevención posta en marcha dende a Federación Galega de Comercio en diversas localidades das catro provincias galegas.

Xornada sobre o e-tícket e as ferramentas dixitais o día 20

O vindeiro mércores día 20 de novembro, ás 20.30 horas, o salón de actos da Asociación de Empresarios Terra de Melide - CCA acollerá unha xornada informativa sobre Dixitalización e Transformación Dixital, na que se aboradarán aspectos como a dixitalización, ferramentas dixitais, e-tícket, e outros temas de interese relacionados con este ámbito. A xornada, organizada pola Federación Galega de Comercio, está aberta tanto a socios como non socios de Asetem.

A Plataforma Dixital Centralizada E-tícket, permite aos comercios e aos seus clientes substituír o tícket tradicional impreso en papel por un sistema dixital, moderno, eficaz e fiable.

Para os clientes/comercios, supón coñecer o estado e garantía das súas compras/vendas, evitando os inconvintes do tícket tradicional fronte a súa perda ou deterioración, ademais de minimizar o uso do papel e contaminantes vinculados á impresión.

Esta nova fórmula de entregar os tíckets de compra será analizada polo miúdo durante a xornada, polo que dende Asetem-CCA animan a todos os socios a participar na mesma.

SABER DE LEI

Patria potestade e custodia

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

99.444 foi o número de parellas que decidiron divorciarse ou interromper a súa convivencia durante o pasado ano no noso país. España está entre os 10 países de Europa con máis divorcios.

Moitas destas parellas teñen fillos en común, o que supón en moitas ocasións un auténtico quebradeiro de cabeza para os pais e para os propios nenos; con quen vivirán, con quen pasarán gran parte do tempo... son moitas das múltiples preguntas que se farán e ás que hai que tratar de dar resposta.

Hai que diferenciar entre a patria potestade e custodia. A patria potestade está atribuída pola lei aos pais do menor non emancipado, e incluso en ocasións prorrógase máis alá da maioría de idade, se se dan certas circunstancias; mentres que a custodia vén fixada en sentenza de divorcio, xa sexa recollido no convenio regulador de mutuo acordo, ou plasmando a decisión do xuíz nun procedemento contencioso.

A patria potestade exércese como regra xeral polos proxenitores conxuntamente, ambos son titulares dela, a menos que se dean certas excepcións:

- Que só se dea unha filiación, a de un só proxenitor
- Que un dos proxenitores falecese
- Que un dos proxenitores quedase privado da patria potestade mediante sentenza xudicial

En canto á custodia, actualmente no noso país existen 4 tipos:

- A custodia monoparental ou en exclusividade, a cal é a máis frecuente, e baséase nunha decisión xudicial ou na da propia parella, onde se outorga a custodia exclusiva a un dos proxenitores, o cal ten a responsabilidade do coidado e atención do menor, fixando un réxime de visitas e comunicación para o pai ou nai non custodio. Este último ten capacidade de decisión en todas aquelas cuestións que afecten no ámbito da patria potestade sobre os menores, é dicir, todos aqueles temas que se consideran transcendentais na vida e no desenvolvemento dos fillos e fillas, tales como a saúde, educación, formación…

- A custodia repartida; a que permite a cada unha das partes ter ao fillo/a ou fillos/as durante unha parte do ano ou telos en anos alternos. Cada pai ou nai terán os dereitos de visita recíprocos e exercen control exclusivo sobre o menor mentres pertence baixo a súa custodia. Habitualmente esta custodia distribúese durante o curso escolar e a outra durante os períodos vacacionais. Estes casos soen darse nos casos nos que os proxenitores viven moi afastados xeograficamente, ou nos casos de moita proximidade xeográfica, na que esa proximidade minimiza os problemas para o menor.

- A custodia partida; que posiblemente é a máis controvertida. Con esta custodia concédese a custodia de un ou máis fillos/as a unha das partes e os restantes fillos/as a outra. Este tipo de custodia concédese sempre que se dean unhas razóns de peso para elo, como unha relación fraternal destrutiva, unha toma de partido de posicionamento irredutible que aconsellen a separación dos irmáns, ou a imposibilidade de unha das partes de facerse cargo da totalidade de fillos/as. Este tipo de custodia recórdanos, de seguro, a mítica película dos anos 60 "Tú a Boston y yo a California".

- A custodia conxunta. Baséase no concepto de co-parentalidade; é dicir, igual implicación de ambas partes na crianza dos fillos/as, a cal consiste no reparto do tempo en que cada un dos proxenitores vai asumir en exclusiva o exercicio da responsabilidade parental. Durante eses períodos de tempo, a persoa que non convive cos menores relacionarase con eles en función do réxime de visitas que se establecese con tal fin.

Existen diferentes modalidades de custodia conxunta en función da cantidade de fillos/as, e o tempo que pasen con cada unha das partes, ou en base o destino que se estableza para a residencia familiar.

Sempre que se establece unha custodia, o que prima por encima de todo son os intereses e o benestar do menor.

A custodia compartida é a máis común, pero con ela non finaliza o calvario para moitos menores, xa que é necesario que as familias teñan os servizos de apoio para poder xestionar positivamente as separacións e facilitar, de tal modo, unha corresponsabilidade parental responsable. Servizos que minimizasen así a violencia familiar e de xénero.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAstábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

Arrancan as obras do novo centro de saúde, que estará listo nun ano

Tras anos de espera, cheos de trámites burocráticos, por fin deron comezo as obras do novo centro de saúde en Melide.

Os primeiros traballos, que comezaron a finais do pasado mes de outubro, están a consistir na drenaxe e desmonte da parcela de case 5.000 metros cadrados situada na rúa Ourense, moi preto do actual ambulatorio.

As obras, tal e como adiantaron dende a Xunta de Galicia, teñen un prazo de execución de 12 meses (prorrogables), polo que nun principio o novo edificio debería estar listo para a súa posta en servizo no mes de novembro do ano que vén.

A construción desta nova infraestrutura suporá a creación dun espazo de case 2.000 metros cadrados -preto dun 61% máis de superficie que o actual-, que albergará un Punto de Atención Continuada (PAC), ademais de cinco consultas de medicina xeral, cinco de enfermería, unha de pediatría e outra de enfermería pediátrica. A Xunta de Galicia inviste na actuación 2,7 millóns de euros.

Agradecemento dende o PP

A través dun comunicado o Partido Popular de Melide quixo agradecer "a implicación da Xunta de Galicia" no comezo das obras do novo centro de saúde de Melide, "unha obra pola que Melide leva agardando tempo", manifestaron.

Arranxo das deficiencias no edificio actual

Pola súa parte, dende o goberno local de Melide procederon ao arranxo das deficiencias en auga quente e calefacción que o actual centro de saúde da localidade arrastraba dende meses atrás. "Eran as principais demandas do equipo de profesionais e da veciñanza que comparte esta instalación municipal no seu día a día e que levaban dende hai sete meses sen ser atendidas", sinalaron dende o Concello.

Segundo explicaron, o continuado mal mantemento da instalación derivou nun problema maior. "Foron poñéndose parches dende hai anos aos danos producidos polo mal mantemento por parte da institución local, que é a quen corresponde ter o centro de saúde en óptimas condicións, tanto para traballadores e traballadoras como para os veciños e veciñas que teñen que facer uso del. Foi un problema ao que nunca se lle deu completa solución dende hai anos".

Demandan máis persoal

Por outra banda, e ao igual que sucedeu no pasado mes de agosto, cando o Concello solicitou formalmente á Xerencia de Xestión Integrada de Santiago o reforzo de persoal tanto médico, como enfermeiro e auxiliar para o Punto de Atención Continuado polo aumento da poboación da vila, o goberno local reiterou de novo a súa petición de aumento de persoal para Melide.

Foto: PPM

A demanda vén motivada, aclaran, ante o aumento de enfermidades gripais nos meses de outono e inverno que a miúdo ateigan e saturan o ambulatorio e as urxencias actuais. Con isto, dende o Concello de Melide instaron de novo á Xunta de Galicia "a que teña en conta as demandas dos veciños e veciñas, cubrindo as baixas existentes de persoal no centro de saúde da vila para dar mellor servizo á veciñanza melidá".

Tan só o PAC melidense chega a atender unha media de 9.600 pacientes como cabeceira de comarca que dá servizo sanitario tamén a veciños e veciñas de Santiso e Toques.

O BNG denuncia no Parlamento as verteduras do polígono industrial

Foi deputado do BNG, Xosé Luís Rivas, Mini, quen preguntou ao goberno galego sobre os graves problemas orixinados polo vertidos industriais do parque empresarial de Melide ao afluente do río Furelos.

Rivas denunciou que o polígono de Melide "carece de depuradora", razón pola que os residuos industriais son vertidos ao río, e afirmou que Medio Ambiente "incorre nunha imprudencia temeraria" por permitir "un polígono sen EDAR nin vixilancia".

Foto: BNG
Visita do nacionalista Néstor Rego ao polígono industrial de Melide

O nacionalista tamén aludiu que no polígono industrial da Madanela están instaladas a día de hoxe numerosas empresas e que polo tanto "é de obrigado cumprimento que o impacto medioambiental xerado pola actividade industrial sexa debidamente controlado e minimizado por medio de dispositivos que reduzan os refugallos contaminantes e principalmente, a contaminación das augas", algo, dixo, que non acontece no polígono industrial de Melide por carecer "da preceptiva EDAR".

Na súa intervención, o deputado do BNG asegurou que a consellería de Medio Ambiente, cuxa titular, Ánxeles Vázquez foi alcaldesa de Melide, "era coñecedora de que os vertidos industriais que se depositaban no regato de Reboredo desembocan no Furelos, e este no río Ulla, que subministra auga para a poboación, ademais de nutrir á ría de Arousa".

"Dende o ano 1993 até o 2007", explicou Rivas, "o goberno municipal do Partido Popular en Melide consentiu a falta dunha EDAR a pesar do medre das exixencias de solo industrial", e lembrou que o goberno municipal do BNG, en 2008, asinou a primeira fase dun protocolo coa Consellería de Industria e Innovación por un valor de 360.000 euros para construír "unha EDAR", pero o proxecto "foi tombado por un defecto de forma auspiciado polo propio Partido Popular".

Finalmente, o nacionalista criticou que a directora xeral de Medio Ambiente, Belén Docampo, afirmase que a Consellería coñeceu o problema no mes de agosto do presente ano.

Trasladan á Dirección Xeral de Turismo as deficiencias do Camiño

O Concello de Melide, conxuntamente cos municipios que conforman a Mancomunidade de Municipios do Camiño Francés, enviou á Dirección Xeral de Turismo un informe detallado sobre o actual estado do treito do Camiño ao seu paso por cada unha das vilas e as súas carencias.

No informe especifícanse as necesidades coas que conta na actualidade o treito do Camiño que atravesa a vila, entre as que se atopan as "zonas de empedrado con adoquíns soltos ou a deficiencia de papeleiras e bancos en posibles zonas de descanso". Neste senso, faise especial fincapé no tramo do Camiño alternativo, que comprende entre o lugar de Penas e ata Parabispo, "en bo estado de conservación pero con falta de roza e mobiliario público que facilite o tránsito de peregrinos e visitantes".

Tamén se especifica no informe que "a empresa contratada que elaborou os traballos de roza mecanizada nos meses de verán deixou zonas sen realizar as tarefas pertinentes, labores inacabados que tiveron que ser subsanados polas brigadas municipais"; así como a preocupación do Concello de Melide polas "profundas fochancas" presentes en "numerosos tramos".

Con todo isto, Xosé Igrexas, concelleiro de Promoción Económica do Concello de Melide instou á Xunta de Galicia a solucionar as deficiencias do Camiño ao seu paso pola vila, "xa que é coñecedor das necesidades existentes", antes de que o Camiño se poida facer "intransitable" nalgún dos seus treitos coa chegada de chuvias máis fortes.

Sabadell
Estar donde estés

¿TIENES
PLANES
PARA TU
JUBILACIÓN?

Queremos ayudarte a hacer realidad tus proyectos. Por eso, si traes tu plan de otra entidad a uno de los planes de pensiones individuales que ofrece Banco Sabadell, puedes conseguir un incentivo económico* del

4%

Infórmate en bancosabadell.com/pensiones.

*Promoción realizada por BanSabadell Pensiones, E.G.F.P., S.A., aplicable a movilizaciones de entrada de planes de pensiones individuales que cumplan lo siguiente: (i) provenientes de entidades no participadas por Banco Sabadell, hacia planes de pensiones individuales de BanSabadell Pensiones incluidos en la presente campaña; (ii) realizadas entre el 23/07/2019 y el 31/12/2019; (iii) por un importe igual o superior a 10.000 euros para partícipes de 50 años o más, o por un importe igual o superior a 30.000 euros para partícipes menores de 50 años; (iv) con compromiso de permanencia de 7 años para el importe concreto del saldo que se fije en el acuerdo de compromiso de permanencia firmado por el partícipe, y (v) estableciendo un plan de aportaciones periódicas mensuales por un importe igual o superior a 150 euros/mes que debe mantenerse durante 2 años ininterrumpidamente. Puede consultar el documento informativo con las condiciones sobre este y otros incentivos económicos en www.bancsabadell.com/pensiones. BS Plan Ético y Solidario no se incluye en la promoción. Producto no garantizado. La rentabilidad dependerá de la rentabilidad de la cartera de activos de cada fondo de pensiones. Entidad gestora: BanSabadell Pensiones, E.G.F.P., S.A. Entidad depositaria, entidad promotora y comercializadora de planes de pensiones: Banco de Sabadell, S.A. El documento con los datos fundamentales para el partícipe está a disposición del público en las oficinas de Banco Sabadell, así como en la página web del banco, www.bancosabadell.com, apartado “Pensiones”. **Consulte los indicadores de riesgo y las alertas de liquidez correspondientes a productos concretos en la siguiente página web: www.bancsabadell.com/pensiones.** Documento publicitario.

Demandan máis vixilancia polas noites ante os roubos na hostalería

O obxectivo dos cacos, que entraron en varios locais nas últimas semanas, son as máquinas de cobro automático

A vaga de roubos sufrida en varios establecementos de hostalería de Melide semanas atrás aumentou a preocupación entre o sector, que demanda unha maior vixilancia nas rúas.

O presidente da asociación de hostalería Melide Móvese, Alberto Buján, recoñece a preocupación existente entre os socios. "A xente está intranquila, claro que si, quen non vai estar incómodo ante esta situación, e máis se tes un negocio. Está claro que ninguén deixa diñeiro nos locais, pero se entran a roubar algo sempre levan, e a iso hai que sumarlle a desfeita que causan", di.

Ante esta situación, dende o colectivo de hostaleiros ven necesario vixiar máis determinadas zonas, e sobre todo pola noite. "Está claro que os ladróns teñen a situación máis que controlada, e se veñen á zona vella é porque saben que ao mellor a Garda Civil nese momento está vixiando o polígono", relata Buján, "por iso, que debería haber máis vixilancia, pois claro que si; en vez de ter unha patrulla, igual debería haber dúas de noite; o que non pode ser é que para un pobo como Melide haxa unha única patrulla de servicio pola noite, porque se ten que saír a Toques, a Arzúa ou a Santiso, Melide queda deserto".

Os roubos, que se veñen sucedendo nos últimos meses, non son unha situación nova para o sector, aínda que si o obxectivo dos cacos. "Que nós saibamos foron cinco ou seis roubos, pero isto non é de agora, de vez en cando sempre entraban nalgún local, ben pola máquina tragaperras ou algo así, o que pasa é que agora entran moito nos locais que teñen estas máquinas de cobro automático, porque esas máquinas teñen un fondo, saben que necesitan un cambio para traballar, e por iso van a negocios concretos".

Para o presidente da asociación de hostaleiros de Melide é difícil dar unha cifra exacta de a canto poden ascender os danos e perdas –que poderían ser miles de euros– pois tal e como apunta Buján, "aínda que non sexa moito o que levan en metálico sempre causan danos, rebéntanche unha porta e xa tes que arreglala; á parte de que che levan a máquina e quedas incómodo para traballar porque non dispós da túa ferramenta de traballo, todo iso son pérdidas para nós", sinala.

A isto hai que sumar o modo de actuar que teñen os ladróns, que ao entrar aos locais despois de esnafrar un coche contra a porta, aumentan os danos causados.

Pola súa parte, a Garda Civil mantén aberta unha investigación para tratar de dar cos autores dos furtos, que segundo o presidente do colectivo hostaleiro "poderían ser da zona".

O goberno local estuda melloras para incrementar a seguridade na N-547

Melloras en canto a seguridade viaria na estrada N-547 ao seu paso por Melide; ese foi o obxectivo da reunión mantida na delegación do Goberno na Coruña entre o alcalde e tenente de alcalde do Concello de Melide, José Manuel Pérez e José Antonio Prado, e a subdelegada do Goberno en Galicia, Pilar López-Riobóo, o xefe de Demarcación de carreteras en Galicia, Ángel del Río e persoal técnico de ambos departamentos.

Ambos departamentos analizaron a situación actual da estrada nacional en Melide, tendo en conta que se trata da principal vía de entrada e saída do casco urbano para todos aqueles vehículos que realizan o percorrido Santiago - Lugo e viceversa, tras saír da autovía A-54 en Arzúa e Palas de Rei. Debido a esta situación o tráfico rodado na vila incrementouse de maneira exponencial aumentando así os riscos tanto para os condutores como para os viandantes.

Reunión na delegación da Coruña entre o goberno local de Melide e representantes do goberno central

A este respecto, dende o equipo de goberno de Melide avanzaron na necesidade de mellorar a visibilidade de numerosos pasos de peóns existentes no casco urbano coa finalidade de incrementar a seguridade para veciños e peregrinos.

"Foi unha reunión moi positiva na que analizamos a problemática existente na N-547 ao seu paso por Melide. Unha vez feitos os estudos necesarios adoptaranse as posibles solucións. Para o cal, seguiremos en contacto para acometer accións concretas que repercutan na seguridade de condutores e viandantes na vila", apuntaron dende o Concello.

Achegas a dúas Anpas para previr a violencia de xénero

A Xunta de Galicia destina algo máis de 1.900 euros a dúas Asociacións de Nais e Pais de Alumnos de Melide para financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención e loita contra a violencia de xénero.

Son en concreto a Anpa Espertar do Ceip Nº1 de Melide, que recibirá unha achega de 1.500 euros para unha actividade de Educación en Igualdade; e a Anpa O Forte, tamén do Ceip Nº1 de Melide, que recibirá 449 euros para o programa "O novembro en igualdade".

O obxectivo da Administración autonómica é a implicación das Anpas galegas para poder chegar ás familias e ao alumnado galego, e dotalos das ferramentas necesarias para promover unhas relacións respectuosas e en igualdade que preveñan e axuden a erradicar todas as formas de violencia de xénero.

Na comarca de Santiago a Secretaría Xeral de Igualdade aprobou a concesión dun total de 15 axudas (incluídas as de Melide) que contarán cunha achega total de máis de 51.000 euros para levar a cabo os programas propostos polas Anpas.

Ao abeiro desta orde de axudas financiaranse programas e actividades que aborden temas como a igualdade, a educación afectivo-sexual, a violencia de xénero, a cosificación do corpo das mulleres, os micromachismos ou o uso adecuado e crítico das novas tecnoloxías.

As axudas están financiadas no desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Valoran a posibilidade de ampliar o solo industrial a través do SEA

O alcalde de Melide, Xosé Manuel Pérez; o tenente alcalde e concelleiro de Urbanismo, José Antonio Prado; e o concelleiro de Promoción Económica, Xosé Igrexas, mantiveron unha reunión de traballo coa xerente de Suelo Empresarial del Atlántico (SEA), Beatriz Sestayo, co obxectivo de valorar a posibilidade de ampliar o solo industrial en Melide.

"Somos conscientes de que hai unha carencia de solo industrial en Melide –apuntaron dende o Concello– por iso mantivemos unha reunión de traballo coa xerente do SEA, para explorar as posibilidades máis eficaces e máis rápidas que nos permitan ampliar o solo industrial no futuro".

Trala xuntanza de traballo mantida entre goberno local e xerente do SEA, e despois de informar á directiva da Asociación de Empresarios Terra de Melide, está previsto celebrar unha reunión entre os empresarios da vila e comarca, a xerente do SEA e o seu equipo técnico, e membros do goberno local na sede de Asetem nos próximos días, co obxectivo de transmitirlle ao tecido empresarial interesado as diferentes vías de actuación, así como escoitar as súas propostas e demandas.

"Queremos informar, pero tamén recoller todas aquelas propostas que teñan os empresarios da comarca, porque a verdade é que despois da reunión mantida coa xerente do SEA, que valoramos como moi positiva, vemos que hai posibilidades reais de que Melide dispoña de solo industrial suficiente nun prazo curto de tempo", apuntaron dende o goberno local.

O SEA é un organismo dependente do Ministerio de Fomento, na súa meirande parte, creado co obxectivo de desenvolver e comercializar parques empresariais en Galicia. Actualmente conta con 13 parques empresariais na comunidade galega que suman preto de catro millóns de metros cadrados.

Preto de 177.000 euros para diferentes melloras no rural

O Concello de Melide aprobou en Xunta de Goberno Local varias obras de mellora de accesos en diferentes parroquias e lugares do municipio por un importe de preto de 177.000 euros, divididos en dous proxectos que servirán para acometer melloras nun total de 22 pistas e accesos ao rural.

Segundo apuntaron dende o goberno local, encabezado por José Manuel Pérez, "estas obras corresponden ao POS+2017, pero tiñan que estar rematadas dende hai dous anos. Intentamos axilizar todos os trámites administrativos debido ao retraso na execución que levan estas actuacións –ademais de que, engadiron– existen camiños totalmente intransitables no rural melidense".

O primeiro dos proxectos comprende unha cantidade total de 98.500 euros cos que se arranxará a pista de acceso a Traspedra, e as pistas de Cobas-Vilaverde, Pedrouzos-Loures, Loures-Gondollín, o camiño a Gondollín, o do Agro, o do Richiniol, a pista do Requeixo, do Real Vello, de A Garea e os accesos ao muíño de Trasmundi, aos muíños de Catasol, o da granxa no Barreiro e o acceso O Real.

En canto ao segundo proxecto, por un importe de máis de 78.000 euros, está destinado á mellora do acceso á escola de Baltar, á pista que une Baltar e a Uceira, á existente entre Castiñeiroa e Casas Novas, á pista de Xubial á AC840 e á de Maceda. En canto ao acondicionamento realizaranse actuacións no acceso ao Pazo de Tarrío, ao Alto e a Saville.

Dende a oposición, o PP local outorgouse o mérito desta obras aludindo a que é un "traballo que quedou feito polo executivo do Partido Popular á altura de maio do presente ano, sendo a aprobación da proposta de adxudicación un asunto de mero trámite".

Melide únese á campaña "En Negro contra as violencias machistas"

A iniciativa conta coa colaboración de Asetem - CCA

O Concello de Melide, a través da súa Concellería de Política Social, vén de adherirse ao protocolo da campaña "En negro contra as violencias machistas" na que xa participan 113 Concellos galegos, tres Deputacións e axentes sociais.

"En negro contra as violencias" é unha acción colectiva de sensibilización social contra as violencias machistas. "Melide en negro" vestirá así a vila de loito, en sinal de dor por todas as mulleres que sofren violencia, e como resposta á máis dura das súas consecuencias, a morte.

A iniciativa foi medrando ano tras ano, dende o seu nacemento en 2015, chegando a expandirse de xeito viral mesmo fóra de Galicia. Aínda que está latente durante todo o ano, é sobre todo no mes de novembro, e no 25N –Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller–, cando a acción desprega a súa actividade de forma máis intensa.

"Melide en Negro"

Desta vez, a campaña comezará en Melide o 19 de novembro e estenderáse ata o 25 de decembro. Conta ademais coa colaboración da asociación de empresarios Asetem – CCA, que fará chegar o material divulgativo a todos os seus asociados.

Ao mesmo tempo, dende a Concellería de Política Social e Igualdade fan un chamamento a todos aqueles establecementos locais que non formen parte da patronal melidense, a que se unan á campaña solicitando a cartelería nas dependencias municipais.

Segundo explicou a concelleira da área de Igualdade, Carmen Liñeira, "a campaña pretende implicar a todo o tecido económico, asociativo, educativo, deportivo, social e cultural, así como a toda a cidadanía, nunha resposta colectiva de rexeitamento das violencias de xénero e máis dos asasinatos machistas".

IMPRENTA
eligraf
Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE
Vilariño (San Breixo). Palas de Rei. 27203 Lugo
Telf.: 982 37 41 35 / Fax.: 982 37 40 98
E-mail: info@balnearioriopambre.com
Web: www.balnearioriopambre.com

Exaltación dos produtos típicos da terra en Toques o sábado 30

Durante a xornada presentaranse as actividades a desenvolver na vila con motivo do Xacobeo 2021

Un ano máis Toques celebrará a súa Feira de Exaltación dos produtos típicos da terra; será o vindeiro sábado 30 de novembro a partir das 17.00 horas na Aula da Natureza da localidade.

"A Feira de Exaltación dos produtos típicos da terra consiste nunha xornada festiva na que se pon en valor o produto extraído da terra mediante unha exposición onde se contempla non só a gran variedade, senón que se representa unha parte da vida do habitante do rural galego", explicaron dende o Concello.

Ademais, relacionado cos produtos, haberá unha parte dedicada "á exposición dos útiles máis comúns empregados nos labores domésticos para a elaboración de comestibles, ou que simplemente consistían en ferramentas usadas a diario para o tratamento do produto".

Durante a xornada tamén haberá xogos infantís e obradoiros para festexar o magosto e o Samaín e, ao igual que en edicións anteriores, terá lugar unha "torresmada" popular na que tal e como o seu propio nome indica os asistentes poderán degustar "un dos produtos máis afamados da nosa terra, o torresmo á grella".

Xacobeo 2021 en Toques

A gran novidade deste ano chegará co acto de presentación, arredor das sete da tarde, do *Programa Xacobeo 2021 no Camiño Primitivo en Toques*. "Trátase do programa divulgativo e promocional da ruta xacobea, neste caso, ao seu paso por Toques, mediante o cal o Concello desenvolverá varias actividades destinadas á veciñanza en xeral, de promoción e de posta en valor do Xacobeo 2021 e do Camiño Primitivo, e de diversa índole para acadar maior información e divulgación do Xacobeo entre as diferentes etapas de idade".

ITV de ciclomotores en Sobrado

O vindeiro martes 3 de decembro unha unidade móbil de Inspección Técnica de Vehículos trasladarase ao Concello de Sobrado para realizar as pertinentes inspeccións técnicas a ciclomotores. Será en horario de 9:00 a 13:30 horas na explanada do pavillón polideportivo. Para solicitar cita previa as persoas interesadas poderán facelo a través do número de teléfono 902 309 000, ou ben a través da páxina web www.sycitv.com.

Sobe o paro na comarca en 29 persoas

CONCELLO	Parados mes de outubro (2019)	Parados mes de setembro (2019)	VARIACIÓN
MELIDE	369	349	20
SANTISO	60	59	1
SOBRADO	59	52	7
TOQUES	44	43	1
Total	532	503	29

Case unha decena de propiedades no Rexistro de Bens de Santiso

O Concello de Santiso poñía en marcha meses atrás o programa Santiso en Pé co obxectivo de fixar e atraer poboación ao municipio e, dentro dese programa, incluía un Rexistro de Bens que xa conta coas primeiras propiedades inscritas.

O funcionamento é sinxelo, tal e como pode lerse na propia páxina web do Concello: "propietarios de casas, granxas e fincas situadas neste municipio poden anunciar de balde os seus bens e aproveitar os servizos que desde o Concello poñemos ao dispor dos propietarios e demandantes. Interesados e poboación en xeral poden contactar cos propietarios das casas, fincas ou granxas para pedir máis información e datos de interese".

Con isto, o programa xa comeza a dar os seus primeiros froitos, e é que a día de hoxe xa dispón de oito propiedades –entre casas, fincas e unha granxa– rexistradas en total para que os posibles interesados en facer uso das mesmas poidan contactar directamente cos donos.

Dende o Concello explican que para facer uso deste rexistro abonda con "cubrir unha pequena solicitude", e que se trata dunha iniciativa gratuíta que "vai estar en vigor tempo indefinido ou ate que o interesado nos notifique a intención de sacalo" (retirar o ben do rexistro). Ademais, "co tempo, os bens subidos á web estarán dotados dalgún tipo de axuda para as compra, venda e uso destes bens", engaden.

Uso turístico das vivendas

Ao rexistro de bens súmase agora ademais a posibilidade de dar un uso turístico ás vivendas de Santiso. Trátase dun "novo servizo de asesoramento para todos aqueles interesados en sacar adiante unha Vivenda de Uso Turístico ou unha Vivenda Turística"; unha opción "pensada para que propietarios con vivendas en Santiso, que están sen uso ou parte do ano paradas, poidan poñelas a producir e dalas de alta nesta modalidade".

Ao igual que ocorre no caso anterior, o funcionamento deste programa tamén é sinxelo. As persoas interesadas en converter unha casa en Vivenda de Uso Turístico ou Vivenda Turística terán que pagar unhas taxas e cumprir uns requisitos dependendo da modalidade na que se queiran inscribir.

Así por exemplo, para unha Vivenda Turística o número de prazas non poderá ser superior a 10, terá que alugarse a vivenda completa e nunca por habitacións, deberá dispor dun mínimo de dependencias (sala de estar, comedor, cociña, baño e dormitorio), e non poderá alugarse por períodos superiores a tres meses.

No caso das Vivendas de Uso Turístico as condicións pasan por un alugueiro non superior a 30 días e a prohibición de alugar por habitacións xa que deberá ser sempre a vivenda completa. Nesta modalidade non se establecen dependencias mínimas coma no caso anterior.

O Concello de Santiso ofrece asesoramento a todas as persoas interesadas nesta iniciativa.

Promoven o turismo na comarca a través dunha guía editada polo GDR

A feira de Arzúa foi o escenario escollido para presentar a Guía Turística do Ulla e do Tambre, editada polo Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla Tambre Mandeo como xestor do Xeodestino Terras de Santiago, e coa que se pretende ordenar e dar a coñecer os principais recursos turísticos dos nove concellos que aglutina dita entidade: Arzúa, Boimorto, Melide, O Pino, Santiso, Sobrado, Toques, Touro e Vilasantar.

Este novo produto turístico do GDR inclúe dúas rutas, para facer en coche ou autobús, nas que os turistas e visitantes poden guiarse polas comarcas de Arzúa e Melide e o concello de Vilasantar, seguindo os ríos Ulla e Tambre e descubrindo, ó seu paso, o gran patrimonio natural e cultural que esconde este territorio.

Como primeira toma de contacto a xornada de presentación das guías incluíu unha saída no denominado Río Bus; un autobús que percorreu unha fracción dunha das rutas propostas e na que participaron un total de 16 persoas e empresas do mundo do turismo e a gastronomía tales como axencias de viaxes, blogueiros, investigadores da universidade ou guías turísticas.

A bordo do Río Bus, os participantes puideron contemplar e admirar lugares como a Igrexa románica de Santa María de Melide, o mosteiro prerrománico de San Antolín de Toques ou a lagoa e o Mosteiro Barroco de Sobrado.

Dúas alternativas

As dúas rutas turísticas que propón a guía do Ulla e o Tambre son circulares, duns 70 quilómetros de percorrido cada unha, e ambas poden iniciarse en puntos próximos a Santiago (como O Pino), a Lugo (Melide) ou á Coruña (dende Vilasantar).

Percorren puntos de gran beleza natural como as Fervenzas das Brañas no Furelos ou a das Hortas entre Touro e Arzúa; cruza o embalse de Portodemouros no Ferri Azulón Primeiro e visita monumentos patrimoniais de distintas épocas como o prehistórico dolmen Forno dos Mouros en Toques, o máis moderno batán de Vilasantar ou o recentemente inaugurado museo Bea Rey de Sobrado.

Receitario Manxares

Aproveitando a ocasión, durante a mesma xornada tamén se presentou o receitario 'Manxares', do GDR Ulla Tambre Mandeo, no que se recollen catro receitas elaboradas pola Chef Estrela Michelín, Lucía Freitas, e que contan con produtos agroalimentarios locais entre os seus singredientes protagonistas (Queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa ou a repostería tradicional de Melide, por exemplo).

Gastronomía no Camiño a cargo de O Tobo Do Lobo

Finalmente, a xornada clausurouse coa celebración dunha degustación a cargo da Asociación de GDRs de Galicia, dentro do programa "A gastronomía galega fai Camiño". Este programa, dedicado á exaltación da gastronomía galega, vense desenvolvendo nos distintos trazados do Camiño de Santiago, dentro das iniciativas de O Teu Xacobeo.

A degustación foi realizada polo restaurante O Tobo Do Lobo, establecemento melidense que se atopa situado no percorrido do Camiño Primitivo, co Chef Miguel Ángel Li-



Dous momentos da xornada de presentación da guía: durante o percorrido pola ruta e, máis tarde, na degustación (Fotos: GDR)

Sobrado con fabas e brotes de allo; rabioli de porco criado en liberdade en Sobrado, na súa salsa e acelga frita; e crema de queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa, xel de Orujo de Melide e melindre, tamén de Melide.

A través do proxecto "A gastronomía galega fai Camiño" preténdese dar a coñecer tamén as tradicións asociadas a estes produtos.

10N: Eleccións xerais na comarca

Descende a participación nuns comicios nos que o Partido Popular gañou nos catro concellos da comarca. A segunda forza máis votada foi o PSdeG-PSOE, seguido de BNG, que desta volta volverá so Congreso dos Deputados ao acadar un escano. A cuarta forza máis votada na comarca foi Podemos-EU, agás en Sobrado, onde se viu superada por Vox; e en Santiso onde Podemos-EU e Vox acadaron un empate. Con respecto ás eleccións de abril descendeu a participación en todos os concellos. Os resultados estatais déronlle de novo a vitoria ao PSdeG-PSOE con 120 escanos.













Preguntan de novo ao Valedor do Pobo pola situación dun camiño de uso público no concello de Toques

A Asociación de Troiteiros Río Furelos de Melide leva anos –dende finais de 2015– pelexando para "recuperar un ben público que lle fora indebidamente usurpado á comunidade"; trátase do Camiño da Pena ó río (nome co que figura no Catastro) situado no concello de Toques, e que foi anexionado á finca dun particular.

Tras acudir ao Valedor do Pobo, que instou ao Concello de Toques a "tomar as medidas necesarias para facer efectiva a recuperación do Camiño para uso público", actualmente esas medidas seguen sen executarse debidamente pese a ser acordadas en sesión plenaria.

"O pasado 12 de agosto a Valedora do Pobo fíxolle o segundo requerimento o Concello de Toques, porque o primeiro xa foi no mes de xullo, e a día de hoxe seguimos esperando pola contestación", apuntou Xavier Pazo, presidente do colectivo de troiteiros.

Sen reposta, nin previsión de recibila, a Asociación de

Foto: ATRF

Troiteiros Río Furelos vén de enviar un novo escrito este mes de novembro á Valedora do Pobo, que recentemente cambiou de titular, para ver en que punto está o tema. "En escrito recibido desa institución o 12 de agosto de 2019, informábasenos de que se porían en contacto connosco para comunicarnos a resposta que o Concello de Toques daba ao incumprimento do acordado no pleno municipal no tocante ao problema do camiño veciñal e á masa común na que remata á beira do río Furelos", reza o escrito.

Agardando a que chegue comunicación algunha, Xavier Pazo insiste en que "nós o único que sabemos é que siguen faltando as gabias de 50 cm que o camiño tiña que ter a cada lado, e que o Concello non fixo pese a que foron acordadas no pleno do Concello de Toques, e que tamén lle faltan metros ao baldío que hai máis abaixo".

O SLG denuncia a intención de Medio Rural de suprimir algunhas axudas

O Sindicato Labrego Galego denunciou a intención de Medio Rural de "rematar coas axudas agroambientais, das que se están a beneficiar ao redor de 4.000 granxas na Galiza", din. Segundo puxo de manifesto o sindicato, "sorprende isto cando o Informe de Contas do ano 2018 da Xunta revela que Medio Rural deixou sen executar 116 millóns de euros ese ano, ou Agader 10 millóns (a metade do seu orzamento)".

O Sindicato Labrego Galego apunta que tiveron coñecemento da nova "a través de fontes da propia Consellaría, onde argumentan que non hai unha demanda do sector para seguir apoiando unha liña de subvencións que supoñen un pulo importante para a economía das granxas que practican modelos mais sustentables de produción, vinculados ao territorio, especialmente das granxas de vacún de carne, da-

dos os baixos prezos que perciben polas súas producións".

O máis chamativo é que dende o propio sindicato xa solicitaran na última sesión do Consello Agrario Galego que a Consellería de Medio Rural crease unha liña orzamentaria para prorrogar estas axudas e garantir así a súa continuidade. "Semella que o departamento que dirixe José González quere suprimir directamente estas subvencións coa escusa de que o sector non demandou a súa continuidade, o cal é falso se atendemos as demandas do propio Sindicato Labrego Galego no Consello Agrario", lembraron.

Dende o SLG apuntan ademais que o feito de non executar todas as partidas repercute en aspectos como o "desmantelamento das oficinas agrarias comarcais", e "tamén podería explicar prácticas administrativas que, aínda que legais, son eticamente reprobables" como a de que "nos últimos tempos, e sen aviso previo, a Consellaría de Medio Rural deixou de enviar notificacións ás persoas que solicitan axudas para que corrixan erros nas solicitudes ou acheguen documentos que faltan. Isto fixo que a moitas granxas se lles denegasen subvencións ao non recorrer en prazo".

As sendas de Santiso e Toques demóranse ata comezos de 2020

Beirarrúa na estrada DP 4603 en Santiso (D.C.)

Beirarrúa en Toques, na estrada DP 4604 (D.C.)

A Deputación prevé rematar a principios de 2020 as obras das novas sendas peonís que se están a executar nos concellos de Santiso e Toques. Ambas actuacións continúan avanzando e suporán unha mellora importante da seguridade para os veciños da zona.

No caso de Santiso, a senda terá 2.800 metros de lonxitude e conectará os núcleos de A Balada e Vilar de Ferreiros, atravesando varios núcleos rurais nos que hai numerosas vivendas dispersas. As obras supoñen un investimento de 360.265 euros. A actuación contempla tamén o acondicionamento dos espazos próximos.

En Toques, pola súa parte, tamén avanzan a bo ritmo as obras de construción de beirarrúas en O Souto, onde se está a acometer a renovación total da travesía principal para facela completamente segura para que os veciños podan percorrer a pé este núcleo do municipio, que comunica a Casa do Concello ou a oficina de Correos, ademais de numerosas vivendas.

Neste caso as obras permitirán facer un entorno completamente accesible, eliminado a totalidade das barreiras arquitectónicas.

C/RONDA DA CORUÑA, 16
MELIDE · 981 50 60 97

ALAIN AFFLELOU
ÓPTICA, E 15001258 / AUDÍFONOS, E 15001259

FIUZA

Con máis de 50 anos de experiencia no sector do automóbil. Estamos en Arzúa e Melide.

RENAULT | DACIA

autosMAR
Reparación e venda de vehículos

T. Fiuza. Servicio Oficial
Teiraboa, S/N - **Arzúa**

AutosMar
Polígono a Madanela, 8-9. **Melide**

CLICKFER

SIC

Parque Empresarial Madanela 84-85, 15800 Melide
Teléfono: 981 50 79 54

Os mellores produtos de ferretería!

Grandes ofertas en roupa de traballo

Referentes no sector do alquiler de maquinaria

Sueños
MODA INFANTIL

Moda hasta los 18 años

R / Alexandre Bóveda, nº 2 (Melide)
Teléfono: 981 50 71 87

Roval JOYERÍA JR

Máis de 30 anos conseguindo a confianza dos nosos clientes !!

- **Xoiería en ouro, prata e aceiro.**
- **Confíanos as túas reparacións de xoiería e reloxería.**
- **Trofeos e placas conmemorativas.**
- **Todo tipo de gravacións.**

Tfno.: 981 50 54 31
joseroval@mundo-r.com
Rúa Alexandre Bóveda, 12
15800 MELIDE (A Coruña)

XXX Semana da Música da Terra de Melide

Unha homenaxe á historia pasada e presente da tradición musical melidá

Trinta anos dinse pronto, pero poucos eventos chegan a cumprilos, ademais de cumprilos fieis a súa esencia: esa coa que naceron.

Este 2019 celébrase o trinta aniversario da Semana da Música de Melide, que arrancou en 1987 organizada na súa primeira edición polo Concello. "Moitos preguntaranse como é que falamos de 30 anos, cando as datas dan 32. É porque a primeira organizouna o Concello no ano ´87 e non se volveu a organizar ata que a coral se fixo cargo dela no ano ´91", explica Javier Rodríguez, actual presidente da Coral Polifónica de Melide. "A partir de aí organizouna sempre a coral e todos os anos houbo Semana da Música, fose con máis grupos ou menos", engade.

Daquel primeiro programa, feito a máquina de escribir, continúan en activo agrupacións como Froito Novo, a Banda de Música de Visantoña e a Coral Polifónica de Melide e, aínda que algúns aspectos cambiaron co paso das décadas, o espírito da Semana da Música permanece. "O principio era de luns a domingo, toda a semana seguida, e celebrábase na igrexa parroquial. Claro, non había Casa da Cultura", lembra Enrique Broz, integrante tamén da coral de Melide. "Fixéronse unhas tarimas á altura dos escalóns do altar para que a xente nos vise actuar, senón non se vía. Houbo que poñer uns focos especiais tamén, e unha megafonía que xa te podes imaxinar como era. Así empezou", engade Javier.

Cambiou tamén a data de celebración, pois nos seus inicios organizouse no mes de maio, e mesmo un ano chegou a celebrarse no mes de agosto, ata que finalmente pasou a facerse no mes de novembro coincidindo con Santa Cecilia, patroa dos músicos.

Co transcorrer dos anos tamén foron desaparecendo uns grupos e aparecendo outros, "pero a clave –sinala Javier– eu diría que está en Os Garceiras; de aí saíu Froito Novo, son os seus herdeiros, e a partir de Froito Novo comezaron a saír aínda máis grupos".

Non pode evitar lembrar o presidente da coral a cantidade de premios e recoñecementos obtidos por Os Garceiras. "Levaban os primeiros premios en todos os concursos os que se presentaban, eran os mellores de Galicia, e Gabriel, que era o director, levaba os primeiros premios de solistas en todos os sitios a onde ía. Nalgún sitio xa lle dicían; mira, o primeiro premio non volo podemos dar porque senón os outros non volven".

Imaxes dos comezos da Semana da Música de Melide. Na parte superior, o Grupo Troito co seu fundador, Antonio Troito. Na parte inferior, actuacion da coral. (Fotos: J.R.)

Recoñecemento á historia de tres décadas

Ao igual que o recoñecido grupo de Os Garceiras, houbo moitos outros que, por un motivo ou outro, a día de hoxe xa non están, como por exemplo o Grupo Troito, Voces de Melide, Sementeira ou Os Gandareiras; e precisamente a todos eles é a quen se lle dedica esta trixésima edición da Semana da Música da Terra de Melide.

"Queremos facer unha lembranza especial de todos os que desapareceron, unha lembranza da nosa historia, destes trinta anos, e para iso temos preparada unha lona na Casa da Cultura cos programas de cada ano da Semana da Música, e debaixo colocaremos outras con todas as persoas ás que se lle foi dedicando cada semana", explica Carlos Landín, integrante da coral de Melide e tamén encargado xunto a Javier Rodríguez e Enrique Broz de organizar esta XXX Semana da Música. "Trátase de facer un recordo especial sobre todo a aquelas persoas que máis influíron na música, como por exemplo Os Garceiras, Grupo Troito, Voces Femeninas ou Don Eugenio Pazos Reyes, pero tamén a todos aqueles que fixeron posible chegar a estes trinta anos", engade Javier.

A trixésima edición da Semana da Música está dedicada a súa historia en xeral, pero antes foron outros os recoñecidos; iso si, "sempre persoas relacionadas coa música e con Melide", agás o párroco Don Antonio García Mourelle, "que aínda que non tivese relación coa música sempre colaborou con nós en todo o posible cada vez que se organizaba a Semana na igrexa", recordan dende a coral.

Pola súa parte, o primeiro a quen se lle dedicou a Semana da Música foi a Andrés Sampayo Sixto, en 1996, director da Coral Polifónica de Melide. Máis tarde virían o xa mencionado párroco Don Antonio García Mourelle, en 2006; Eugenio Pazos Reyes, director da Banda de Música de Visantoña (en 2010); Os Garceiras, en 2011; Froito Novo, en 2012; Emilio Otero Val (en 2013), e que dirixiu a coral nos anos 50 en Melide; Pastor Barral, en 2014; Agrupación Castelo, en 2015; e Xosé Domingos Fuciños, máis coñecido como 'Mingos de Pita', en 2017.

O obxectivo, manter a tradición musical

Non se esquece Javier Rodríguez de sinalar que a idea da primeira Semana da Música →

"foi que Melide non perdese a tradición musical que tivo de sempre, e ao mesmo tempo, que coñecese o que tiña, porque non se coñecía", explica. "No ano ´87 o noventa por cento da xente de Melide non sabía que Os Garceiras levaban o primeiro premio alí onde se presentaban. Coñecían as gaitas de desfilar o día de San Roque pola rúa, pero non escoitaran un concerto. A xente tiña que coñecer iso, e iso servía non só para non perder a afección á música, senón tamén para fomentala".

Ese obxectivo está máis que consolidado hoxe en día, e para mostra o programa da XXX Semana da Música da Terra de Melide, no que un total de quince agrupacións e catro solistas de toda a comarca –máis de 200 persoas– pasarán polo escenario da Casa da Cultura de Melide durante as fins de semana do 15, 16 e 17, e 22, 23 e 24 de novembro a partir das 20.30 horas.

"Non podemos estar máis que agradecidos, tanto pola colaboración que sempre atopamos entre os grupos participantes como pola asistencia do público que se implica ata encher a Casa da Cultura en moitas ocasións", destacan dende a coral para a que, aproveitando a ocasión, Javier, Enrique e Carlos fan un chamamento. "Se ben é certo que a Semana da Música está nun momento inmellorable, queremos animar tamén á xente moza que lle guste cantar a participar na coral, pois todos, sen distinción de idade, serán benvidos", animan.


CONMEMORACION DO DIA DAS LETRAS GALEGAS

CICLO DE MUSICA DA TERRA DE MELIDE

Do 10 ó 17 de maio

1987

DIA 11
Charla Audición a cargo de
XOAN RUBIA
Historia da Música Popular
dende o Jazz o Rck And Roll
Lugar: Biblioteca Municipal

DIA 12
FROITO NOVO

VOCES DE MELIDE

DIA 13
IRMANS GARCEIRAS

VOCES FEMENINAS

DIA 14
Presentación da RONDALAA
dirixida por M. González

SEMENTEIRA DE MELIDE

Concerto de piano por
ALUMNAS DE MELIDE

DIA 15
Concerto de piano por
FERNANDO V. ARIAS
Premio de Honor "Fin de
carreira de Piano"

DIA 16
CORAL POLIFONICA
DE MELIDE
Dirixida por D.Andrés Sampayo Sixto

DIA 17
Hora 7'30
BANDA DE MUSICA
VILLAR DE FERREIROS

Organiza: EXCMO.CONCELLO DE MELIDE
Hora: 8'30
Lugar: IGREXA PARROQUIAL

Programa da primeira Semana da Música de Melide (1987). Último programa, o actual, para este 2019

A Compaña saíu de rolda por Melide

Tralo éxito da iniciativa, dende o Museo de Melide xa traballan nun proxecto similar de cara a San Xoán

Era unha primeira toma de contacto e as condicións meteorolóxicas ameazaban con deslucir a actividade, pero finalmente foi todo un éxito. Referímonos á Compaña que o pasado xoves 31 de outubro, noite de defuntos, saíu de Rolda por Melide.

A iniciativa estivo organizada polo Museo da Terra de Melide e non puido ter mellor acollida, así o definiu Cristina Vázquez, arqueóloga e responsable do Museo. "Estamos completamente satisfeitos, a implicación foi incrible, porque agardabamos a participación dunhas 60 persoas e foi exactamente así, non faltou ninguén. Co que non contabamos era coa cantidade de público que nos atopamos polas rúas mirando, e iso a pesar da noite desapacible que tivemos", dixo, "foi un éxito sen precedentes e quedamos moi contentos co resultado", engadiu.

Tanto foi así que dende o Museo aseguran que repetirán a actividade o vindeiro ano. "Toda a xente que participou pediunos repetir de novo, que lle deamos continuidade a isto, e moita xente que estaba de público xa nos dixo tamén que se animaba a participar o próximo ano".

A representación da Compaña arrancou practicamente puntual ás 20.30 horas da rúa de San Xoán e San Pedro para continuar durante algo máis dunha hora pola zona vella e a zona do cruceiro de Melide. Decenas de veciños, peregrinos e curiosos que camiñaban polas rúas a esa hora paráronse a admirar o percorrido da Compaña, así como a representación dos "vivos".

Satisfeitos co resultado, dende o Museo da Terra de Melide pensan agora en fixar esta actividade no calendario, así como en realizar outras semellantes ao longo do ano. "Barallamos a idea de poder facer o mesmo, pero con outras tradicións e celebracións relacionadas con Melide. De momento só podemos anunciar que estamos traballando coa data de San Xoán", adiantou Cristina Vázquez. A idea é organizar unha representación distinta cada ano, a maiores da Compaña que se manterá cada 31 de outubro.

Dende o Museo da Terra de Melide quixeron agradecer "enormemente a implicación de todas as persoas que participaron, pois se ben é certo que a idea sae dun sitio, sen a implicación da xente que colaborou isto non sería posible".

Cumpre sinalar que nesta primeira representación da Compaña participaron persoas de todas as idades, homes e mulleres dende os 6 ata os 70 anos e máis, de Melide e doutros puntos da comunidade.

Representación da Compaña e dos "vivos" ao seu paso pola zona vella e centro de Melide en dúas instantáneas tomadas polos veciños que asistiron como público

Primeiro terzo de competición para os equipos do Cire Melide

Algunhas das categorías do club xa están preto dos primeiros tres meses de competición

O equipo sénior foi o máis madrugador e xa empezou a primeiros de setembro os seus partidos de liga, logo dunha pretemporada cargada de amistosos de preparación durante o mes de agosto.

O equipo, con caras novas pero ben recoñecibles, preparouse a conciencia para afrontar unha temporada dura e ilusionante á vez.

Despois duns comezos titubeantes, en parte entendibles pola transformación case absoluta do equipo, as últimas xornadas derivaron nun case pleno de vitorias, agás o partido do pasado fin de semana ante o Cogalrodeiro, no que se produciu a primeira derrota despois de cinco partidos. Perdeuse o liderado da categoría e agora continúa a loita aínda nos postos altos da clasificación. Dende o club pídese o máximo apoio posible para dar un empurrón ao equipo de cara ao ansiado ascenso de categoría. A plantilla e o corpo técnico traballan arreo para que así sexa. A afección non está a darlle as costas ao equipo, e iso agradécese especialmente por parte da directiva, que ve cómo o Municipal acolle, cada domingo como local, unha boa entrada nas gradas.

Equipo cadete do Cire, líder provisional da categoría

Polo demais, a canteira traballa a moi bo ritmo e con resultados deportivos dispares; os máis de 160 rapaces e rapazas do CIRE compiten con moita ilusión cada fin de semana. Destaca o cadete, con pleno de vitorias ata o momento, e líder provisional invicto na súa liga. Dende o club agradecen o esforzo que fan as familias e tamén queren poñer en valor o difícil que resulta sacar adiante aos equipos nunhas condicións dignas de traballo, o que se consegue coa axuda de patrocinadores, socios e socias, e as institucións, entre elas o Concello de Melide.

A oficina de turismo de Melide recibiu en outubro 3.400 visitantes

A oficina de turismo do Concello de Melide, situada na parroquia de Furelos, recibiu durante o pasado mes de outubro un total de 3.401 visitantes. Desa cifra total, 1.110 persoas foron españolas, 910 procedentes de diferentes países de Europa e 1.380 doutros países do mundo.

Os técnicos de Turismo do Concello de Melide destacaron que no pasado mes pasaron pola oficina unha media de 110 persoas ao día. Produciuse un leve incremento (8,42%) con respecto a outubro de 2018 (264 visitantes máis). Isto debeuse principalmente ao aumento (21,92%) de visitantes procedentes do resto do mundo (248 visitantes máis que o ano pasado).

Tal e como mostra o balance dos técnicos, un terzo de visitantes son de nacionalidade española: uns 36 diarios, o que mostra o que viña acontecendo xa dende finais do mes anterior, que o número de peregrinos españois reduciuse moi considerablemente mentres que aumentou progresivamente o número de persoas procedentes de Europa e principalmente doutros países do resto do mundo.

BREVES

Curso en Asetem

Todos os mércores e xoves de novembro a Asociación de Mulleres Rurais da Comarca de Melide, Alecrín, organiza un curso de "Branding: A marca como motor do teu negocio". Terá lugar no local de Asetem-CCA en horario de 15.00 a 16.00 horas. As persoas interesadas en anotarse poderán facelo chamando ao número de teléfono 699 120 465.

Campionato de Tute

A U.D. Santiso organiza o "1º Gran Campionato Mundial de Tute". Será o 15 de novembro no local do antigo Concello de Santiso a partir das 23.00 horas. O prazo para anotarse remata o mércores 13 de novembro e pode facerse no Solaina e Mesón Visantoña.

Actividades no Centro Social

A Concellería de Política Social do Concello de Melide puxo en marcha un programa de dinamización cultural para os socios e socias do centro social. Esta programación ten lugar as tardes dos sábados e dos domingos na instalación municipal co obxectivo de favorecer o envellecemento activo de todos aqueles veciños e veciñas que pasan as súas tardes de lecer na compaña dos seus iguais no centro social.

Actividades musicais, xogos, tarefas para reforzo da memoria, e un sen fin de alternativas para o tempo libre dos maiores, así como a posta en marcha de diferentes talleres e festas monográficas segundo se vaian sucedendo no calendario as festividades típicas do ano: Nadal, Entroido, verán, etc, formarán parte desta iniciativa do Concello de Melide.

"Con esta iniciativa pretendemos dinamizar a vida social das persoas maiores no municipio e mellorar así a súa saúde tanto física como mental. Prevemos unha alta participación debido á boa resposta recibida por parte deste colectivo en todas as actividades que se organizan para os socios e socias do centro social", apuntaron dende o ente local.

Xuntos polo Nadal

Ata o 15 de novembro está aberto o prazo de presentación de solicitudes para participar nunha nova edición do programa Xuntos polo Nadal, destinado ás persoas de 60 ou máis anos que se atopan soas nestas datas, ben pola carencia de familiares ou amigos, a perda do seu cónxuxe ou por outras circunstancias.

A principal novidade deste ano é que se habilita como punto de destino o Complexo Residencia Xuvenil Lug II, en Lugo, que se suma así ás Residencias de Tempo Libre do Carballiño, en Ourense, e de Panxón, en Nigrán.

O número de prazas ofertadas mantense en 260, distribuídas do seguinte xeito: 105 na residencia do Carballiño para persoas procedentes das provincias de Ourense e Pontevedra; outras 105 no centro de Panxón para os maiores que veñan da provincia da Coruña; e 50 nas instalacións xuvenís Lug II para aqueles que sexan da provincia de Lugo. A duración do programa dará cobertura a toda a época do Nadal, ao comezar o día 23 de decembro de 2019 e rematar o día 7 de xaneiro de 2020.

Xuntos polo Nadal inclúe estancia durante 16 días (15 noites) con aloxamento en habitacións compartidas e manutención en réxime de pensión completa e actividades de animación sociocultural. Tamén está contemplado tanto o desprazamento en autobús desde diversos puntos de Galicia ata o centro residencial adxudicado como o regreso. A recollida das persoas participantes efectuarase o 23 de decembro polo tarde e a volta será o día 7 de xaneiro despois do almorzo.

As persoas participantes cuns ingresos inferiores ao Iprem (537,84 euros/mes) asistirán de forma gratuíta ao programa, mentres que aquelas cuns ingresos superiores a dito importe contribuirán ao pago da estancia coa achega de 50€. Para a selección dos participantes darase preferencia a aquelas que perderan ao seu cónxuxe ou persoa coa que convivisen nos últimos anos, teñan máis idade, dispoñan dun menor nivel de ingresos económicos e non participasen en Xuntos polo Nadal en pasadas edicións.

As persoas que o desexen poderán participar neste programa como voluntarios e prestar o seu apoio e colaboración nas actividades que se organicen, así como ofrecer a súa compañía aos que alí se atopen.

Once medallas para a Escola Ayude

A cidade de Logroño, na Rioxa, foi o lugar elixido para a celebración do primeiro Open Nacional de Tatmi Sport de Kickboxing. Á cita acudiron clubs de todo o territorio nacional, entre eles a Escola Ayude de Santiso que participou cun equipo formado polos irmáns Ayude, Guillermo López e Sabela Cabado. Entre os premios recollidos, tres ouros para Nahum Ayude, dous para Aron Ayude, e un para Cora Ayude. Sabela Cabado fíxose con dúas pratas e Guillermo López cunha prata e dous bronces.

Un Camiño solidario

A praza do Convento de Melide acolleu a saída cara Compostela da Fundación A La Par que comezou o Camiño de Santiago na vila. A concelleira de Política Social e os usuarios e usuarias do centro ocupacional acompañaron ao grupo nun treito do Camiño. Trátase dunha iniciativa impulsada pola compañía Alquiber Quality para dar visibilidade á discapacidade intelectual.

Os máis pequenos celebran o Samaín

Os nenos e nenas da escola infantil municipal do Concello de Melide celebraron a festa do Samaín elaborando colares e rosarios con castañas tan típicos destas datas e tan tradicionais tamén na vila. A concelleira de Política Social de Melide, Carmen Liñeira, achegouse ata a instalación municipal para compartir cos nenos e nenas unha mañá diferente.

As Mulleres Rurais toman Santiso

Veciñas e veciños do concello de Santiso, coas mulleres rurais á cabeza, celebraron o seu día durante unha xornada festiva que congregou a máis de 130 persoas. Houbo tempo para compartir un xantar de confraternidade, música e xogos populares. Dende o Concello de Santiso agradeceron o labor de todas, en especial da Asociación Amurusa, dos membros das asociacións veciñas de Sobrado, Rodeiro, Melide, Arzúa, así como a asistencia da presidenta de Fademur Galicia.

Excursión a Portugal

O pasado 30 de outubro veciñas e veciños de Santiso tiveron a oportunidade de gozar dun día de lecer dentro do programa Santiso en Marcha, grazas a unha viaxe a Portugal. A pesar do mal tempo, a choiva deu un respiro para poder pasar unha mañá de compras no mercado de Valença do Minho e rematar a estadía no país veciño cun xantar típico do lugar. Despois da sobremesa houbo tempo para realizar un pequeno percorrido por Tui e descubrir o seu fermoso casco antigo.

Ximnasia no rural

Preto de medio centenar de veciños e veciñas que viven nas parroquias do rural de Melide practican xa deporte nos seus locais sociais. Trátase dunha iniciativa que a Concellería de Política Social puxo en marcha a comezos do mes de outubro e que ten como obxetivo dar alternativas saudables nas diferentes parroquias. Na actualidade hai un total de sete grupos. As sesións de ximnasia de mantemento constan dunha hora semanal e na maior parte dos casos o lugar onde se realiza é nos seus centros sociais. Esta iniciativa terá continuidade ata o mes de maio. As persoas interesadas en participar tan só teñen que achegarse aos diferentes locais sociais das parroquias nas horas e días indicados. A actividade é totalmente gratuíta e non precisa de inscrición.

Horarios

A ximnasia de mantemento lévase a cabo no centro social de Furelos ás 17.15h os luns, ás 20h en San Salvador e ás 21.15h no Meire. Os martes ás 17.15h en Moldes e ás 21 en Grobas, os xoves ás 20.30h en Maceda e os venres ás 10.30h en San Martiño das Varelas.

Feira do Outono

Foto: C.S.

Sobrado acolleu a celebración da VI Feira Gastronómica do Outono, na que participaron numerosos postos con produtos locais. Houbo tempo tamén para realizar actividades micolóxicas e gozar coa música de Os Charangos.

Asociación Alecrín

Hai catro anos naceu a Asociación Alecrín, co obxectivo de que a muller rural tivese as mesmas oportunidades que a da cidade en canto a cultura, formación e entretemento. Que tivese máis visibilidade e apoderamento, acadando así unha mellor calidade de vida e acabar con moito illamento, creándose lazos afectivos coas distintas actividades que facemos.

Actualmente pasamos dos 400 socios/as, dos que o 85% somos mulleres. Pero calquera home é benvido na nosa asociación.

É imprescindible para nós que as mulleres se formen e teñan actividades de lecer, polo que actualmente contamos coas seguintes actividades: bailes latinos, ioga, pilates, zumba, ximnasia rítmica, corte e confección, ganchillo, calceta, patchwork, cestería, manualidades, cursos de dependentes e os seus coidados, curso de informática, sendeirismo cun roteiro ao mes por distintas zonas de Galicia, charlas mensuais, viaxes, xuntanzas e distintas celebracións como foi o Día da Muller Rural.

Ao longo do ano tamén estamos facendo festivais, como son:

- Melide SBK de Bailes Latinos
Camiño de Santiago (gratuíto)
- Festival de Ioga

E como novidade unha vez ao mes comezamos a facer un taller de baile e baile social posteriormente nun pub da localidade totalmente gratuíto.

Todas as actividades estámolas levando a cabo no pobo de Melide, pero o noso obxectivo para este ano é ir acercándoas aos locais sociais das parroquias, xa que moitas das persoas pídennos que así o fagamos, e nós tamén o vemos moi necesario, xa que moitos non dispoñen de quen os traia ao pobo, demandando polo tanto a cercanía destas actividades, as cales; tanto de formación como de lecer, pouquiño a pouco irémolo conseguindo.

O desenvolvemento persoal de cada muller é tamén o profesional. É primordial no rural que todas poidan ter as mesmas oportunidades, que lles chegue toda a información e formación para así poder usala.

Para levar a cabo todo isto contamos cos servizos de outras asociacións, da Escola Familiar Agraria (E.F.A.), con Fademur, cos servizos dun psicólogo, un profesional da educación, un profesor titulado en Ioga e Reiki, cunha mestra en corte e confección, cunha academia de baile, con guías expertos para roteiros e outros moitos profesionais, xa que queremos clases, cursos e charlas da mellor calidade.

Facerse socia son 10 euros o ano e con iso algunhas das actividades son gratuítas e outras de pago. Temos tamén servizo dende distintos profesionais para calquera tema que poida presentarse ou calquera problema co que se encontren.

Gústanos poder colaborar con outras asociacións do pobo; en todo o que precisen aquí estamos, e poder axudarnos entre todos.

Calquera cousa das que facemos vai dirixida a todas as idades ou mesmo para poder facelas en familia, xa que non temos un tipo de socia determinada en idade, senón que van dende os 18 anos en diante, chegando a ter socios tamén dos arredores de Melide e concellos limítrofes.

Asociación Alecrín



Cada 15 de outubro celébrase o Día Internacional da Muller Rural (Viñeta de José Orcajo)

Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*

Bacalao *Vinos* *Licores*

Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con productos
conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03 / casajuanito1910@gmail.com

VIOLENCIA DE XÉNERO E MULLER EMIGRANTE

O 28 de febreiro deste ano, a Rede de mulleres latinoamericanas e do Caribe e outras asociacións de mulleres migrantes presentaron ao Comité de Seguimento do Pacto contra a Violencia de Xénero un documento que analiza a prevalencia da violencia de xénero entre as mulleres migrantes. e as principais dificultades ás que se enfrontan para ter acceso aos coidados e protección.

A situación precaria no traballo ou as dificultades para obter un traballo cando non teñen permiso de residencia xeran a miúdo situacións de dependencia de mulleres de orixe estranxeira con respecto á parella. A ruptura da relación supón esgotar recursos financeiros para satisfacer as súas necesidades (que en moitos casos tamén implica o envío de remesas ao seu país de orixe) porque non teñen dereito á axuda establecida para vítimas de violencia de xénero por non cumprir os requisitos.

Esta situación tamén se reproduce en mulleres vítimas de orixe indíxena. Non obstante, no caso das mulleres inmigrantes hai outros aspectos, o que agrava aínda máis a situación. Tamén hai que ter en conta que en moitos casos a denuncia é unha ruptura co seu grupo de referencia-realidade de moitas mulleres inmigrantes.

A muller que migra está desarraigada: nun país estraño, con costumes e cultura alleas, sen a súa familia -sen os seus fillos- en gran parte dos casos e tamén maioritariamente coas súas expectativas frustradas.

As persoas en situación irregular experimentan o chamado "síndrome de Ulises", especialmente porque se atopan en situacións de estrés especial: impotencia e fracaso porque non poden acceder ao mercado de traballo, medo a ser expulsadas, medo a mafias, aos que poden estar vinculados e un sentimento de loita pola supervivencia moi intenso.

As infinitas horas de traballo, o requisito engadido para asumir as tarefas do fogar e o coidado dos fillos e unha certa tendencia -case inevitable- a gueto, non propician precisamente a participación e o contacto coa sociedade autóctona e o acceso á información sobre dereitos ou obrigas do mesmo xeito que os cidadáns españois, máis se non se fala o idioma.

Moitas teñen medo e os medos máis frecuentes son: perder o status administrativo no caso das mulleres agrupadas polas súas parellas, non poder reagrupar as súas criaturas si o permiso para facelo depende do marido, a expulsión do seu cónxuxe, non poder viaxar con os menores de idade dende o seu país de orixe sen o consentimento do agresor ... A todo o anterior pódese engadir que en moitos países de orixe hai incerteza legal para realizar ou axilizar procedementos documentais, etc., o que complica a busca de solucións. Os medos son aínda maiores para as mulleres que se atopan nunha situación administrativa irregular.

A integración socio-cultural non é só a inserción de mulleres inmigrantes no tecido produtivo do país. A verdadeira integración non pode producirse se non hai oportunidade de conseguir un ambiente no que se sintan cidadáns de pleno dereito.

Por este motivo, moitas das mulleres inmigrantes están illadas, sen apoio ou información suficiente para tentar saír da situación de maltrato que viven: moitas veces descoñecen a Lei, sexa porque nos seus países non existe ou non se aplica, ou porque cae en frecuentes casos de corrupción. Desafortunadamente son mulleres que non están acostumadas a usar a xustiza como unha ferramenta habitual na súa vida.

En xeral, percíbese que hai desconfianza das forzas de seguridade por parte destas mulleres. Neste sentido, parece fundamental o labor de información e intermediación que realizan as ONG que traballan con mulleres inmigrantes.

De novo, as mulleres en situación irregular son dobremente vulnerables: a desconfianza convértese en medo á expulsión se se fan visibles. Tamén temen nalgúns casos que, pola súa "culpa", expulsen a túa parella ou os teus fillos sexan levados de novo o país de orixe.

As mulleres inmigrantes vítimas de violencia a miúdo non toman os pasos necesarios para saír da situación de maltrato e segundo un informe presentado polo Observatorio Estatal contra a Violencia de Xénero o pasado verán: “Aínda que houbo una modificación significativa entre a poboación española ao redor da Lei o efecto sobre a poboación de estranxeiros foi menor, probablemente debido á maior dificultade para chegar a este sector”.

Deberiamos intentar concienciar, informar e apoiar a estas mulleres para que poidan acabar coas situacións de violencia que están a vivir.

Mª Jesús Gómez Pardo, psicóloga do CIM (Centro de Informacion á Muller) de Melide

CANDO MEDRES XA O ENTENDERÁS

Cando medres xa o entenderás! Aínda es moi cativa para escoitar isto! As nenas non entendedes os problemas das persoas adultas! Aínda que este xeito de crianza está máis que superado hoxe en día, a todas e todos sóannos estas palabras. Quen de nós non as escoitou máis dunha vez?

O triste é que, na idade adulta, temos que seguir aturando que a clase política nos trate coma rapazas e rapaces. Pero, máis triste aínda é que llelo permitamos.

Por que está tan mal visto que a cidadanía participe activamente na toma de decisións políticas? Realmente, a democracia circunscríbese, única e exclusivamente, á posibilidade de introducir unha papeleta nunha urna? Que elixamos as persoas que nos representen nos órganos de goberno, dálles carta branca para facer ou desfacer sen contar coas persoas electoras? Que clase de democracia queremos: representativa ou participativa?

Seguramente, moitas e moitos de quen ledes isto pensaredes que é unha perda de tempo andar a darlle voltas a esta merda. Que se ocupe a clase política destas lerias, que para iso cobran (e ben, ademais); que nós, a xente, queremos vivir tranquilamente. Xa nos abonda con pensar no traballo, pagar a contribución, levar a nena ao dentista...

A ti, que che importa pouco ou nada este tema, vouche propoñer un experimento. Achégate xunto algunha política ou político e proponlle algunha actuación dentro das súas competencias: baixar a contribución, establecer unha liña de transporte público, algunha idea para mellorar o equipamento da escola do teu fillo, a posibilidade de ceder unha parcela que non usas para habilitar un aparcadoiro público, consello de en que gastar os cartos na túa parroquia, como enfocar o planeamento urbanístico, contarlle as bondades dunha depuradora nun polígono industrial, etc. Unha vez feita a proposta, presta moita atención a como esa persoa mira para ti. Que cres que ve cando te mira?

Ve a unha nena con trenzas.

Iso chámase paternalismo. Non somos persoas que poidamos opinar nin participar na toma de decisións porque non sabemos nin entendemos nada. Somos crianzas. Para pensar, para opinar, para decidir está a clase política, que son as persoas máis estudadas, máis traballadoras, máis intelixentes, máis comprometidas, máis xenerosas, mellores xestoras, mellores coñecedoras do mundo, etc. Agarda. Non era xusto ao revés?

Está claro que o sistema capitalista e patriarcal que nos domina non admite réplicas nin ideas que se afasten do establecido. E, o que está establecido, é que as persoas só podemos opinar para elixir a quen nos represente. Punto final.

Se es das persoas ás que isto lles importa, se che gustaría participar nos asuntos públicos do teu Concello para que tiveran en conta o teu parecer cando vaian poñer as farolas na túa rúa, ou che gustaría que quen organice as escolas deportivas soubera que ti pasas do fútbol pero que che apaixona o hockei... segue lendo.

Din que as persoas que conformamos a Asociación Veciñal Melidá somos moi teimudas. Correcto!!! Nacemos cunha idea moi concreta: DAR VOZ Á VECIÑANZA.

Porque todas e todos podemos aportar, porque a opinión de todas e cada unha das persoas ten o mesmo valor, porque a transparencia é que todas e todos teñamos acceso aos asuntos públicos do Concello: Ordenanza de Participación Cidadá xa!

ASOCIACIÓN VECIÑAL MELIDÁ

Móbil: 601 60 44 88
E-mail: asociacionmelida@gmail.com

LUZ DIVINA (LUDI) LAMELA RIVAS, PAZO DE EIDIÁN

"Temos eventos, pero o 90% dos nosos ingresos veñen do Camiño de Santiago"

- Que nos pode contar sobre a historia do Pazo de Eidián?

- Luz Divina Lamela (L.L.): O pazo é do século XVI, un dos máis antigos, e pasou por varias fases; unha das últimas cando era unha casa de labranza. Figura oficialmente como pazo, pero na zona todo o mundo o coñece como Casa grande, sobre todo porque a estrutura é máis ben a dunha casa grande, boa, moi bonita e de labranza, que a dun pazo. Aínda así ostenta a categoría de pazo sobre todo polos escudos e polos títulos nobiliarios que posúe.

- Falaba vostede de que pasou por varias fases. Como é iso?

- L.L.: A primeira fase foi cando era unha casa. Máis tarde pasou unha fase "defensiva", por dicilo dalgunha maneira, que foi cando lle fixeron unha muralla que é toda servicial pero sen deixar de ser unha casa amurallada.

- Que se coñece dos propietarios?

- L.L.: Pois podo dicirche que non teñen nada que ver coa historia do pazo, que é xente que o comprou en ruínas e que non tiñan nada que ver cos donos nin coa zona, e que decidiron rehabilitalo e arranxalo. E tamén que grazas a iso estamos en funcionamento dende o ano 2004. Xa son quince anos.

- Que balance fai deses 15 anos?

- L.L.: Ben, un balance bo. Son negocios destinados a intentar manter a propiedade, a casa, e manter este tipo de actividades como é o caso do turismo rural.

- Como se estrutura o pazo e que servizos ofrece?

- L.L.: Actualmente conta con doce habitacións dobres, dúas delas con categoría dobre especial, ou o que se coñece como suite, porque son un pouquiño máis grandes, e todas e cada unha delas dispoñen de baño propio. Dispón tamén de restaurante á parte para eventos concertados, sempre previamente e con grupos de a partir de 30 persoas, piscina e amplos xardíns. Logo en canto a servizos dispoñemos de servizo de almorzo e cea para aloxados, e todo tipo de eventos que, como xa dixen, sexan de máis de 30 persoas. Por exemplo: eventos para empresas, bautizos, comuñóns, vodas de ouro, vodas pequenas... Este tipo de eventos encaixan moi ben porque o restaurante ten capacidade para unhas 130 persoas.

- Están a traballar nalgunha novidade?

- L.L.: Si. A verdade é que de cara ao ano que vén queremos ampliar o restaurante e abrilo tamén a grupos pequenos, non só para eventos con máis de 30 persoas, senón para grupos de oito ou dez persoas por exemplo. E logo outra cousa que si que estamos intentando potenciar é o tema dos talleres e obradoiros. Antigamente acolliamos moitas reunións de empresas e moito turismo familiar de fin de semana, pero coa chegada da crise, a partir do 2011, todo iso desapareceu. Foi aí cando comezamos a pechar os meses de inverno para os grupos pequenos. Así que agora, que vemos que a cousa se estabilizou, queremos recuperar ese tipo de actividades, como por exemplo talleres de ioga, pilates, naturopatía, obradoiros florais, etc. Xa estamos co márketing e traballando a idea para poñela en marcha de cara á próxima temporada. E por último, tamén estamos traballando no denominado "turismo das estrelas"; que consistiría en incluír actividades relacionadas coa astronomía, porque a verdade é que a zona na que nos atopamos préstase moi ben para observar o ceo.

- Que destacaría do Pazo de Eidián que o fai diferente a outros?

- L.L.: Para min desde logo o mellor do pazo é a infraestrutura que ten, porque é moi bonita, o propio pazo en si e a rehabilitación que lle fixeron. Hai que ter en conta que cando comezaron as obras no 2002 os arquitectos foron moi respectuosos coa estrutura do pazo e co mantemento das formas orixinais. Iso para min dálle un valor engadido. E logo tamén me gusta moito a súa ubicación, porque aínda que si é certo que moitas veces nos din que está moi apartado, é precisamente iso o que lle suma beleza. Está situado nun lugar alto, con moi boas vistas de todo o val de Melide, cunha posta de sol e uns nacentes incribles, e xa o propio entorno é para gozar del. Ademais non hai unha época concreta mellor que outra para gozar do pazo, porque cada estación ten o seu encanto, sexa primavera, outono, verán ou inverno.

- Está aberto todo o ano?

- L.L.: Non, pechamos dende o 1 de novembro ata o 1 de abril, pero ao mesmo tempo si está aberto para grupos de a partir de cinco habitacións. É dicir, nese período o que está pechado é por exemplo se nos chaman para unha soa habitación, iso non o facemos; pero por exemplo o ano pasado tivemos en Noitevella un grupo de portugueses durante catro noites.

- A canta xente emprega o pazo?

- L.L.: Cinco persoas.

- Que tipo de clientes adoitan facer máis uso deste tipo de infraestruturas?

- L.L.: Nós o 90 % dos ingresos que temos son do Camiño de Santiago. Despois tamén temos eventos, pero sobre todo traballamos con peregrinos. E o perfil do peregrino que atendemos é sempre o mesmo dende hai 15 anos: xente xubilada, dunha media de idade de 70 anos, e maioritariamente estadounidenses, canadenses, australianos, suramericanos asentados en Miami e coreanos. Ademais adoitan ser persoas moi, moi, moi relixiosas, moi respectuosas e moi agradecidas. Vamos, é un gusto traballar con este perfil se te dedicas ao mundo da restauración.

- Cre que este tipo de turismo vai en aumento, que se mantén ou que descende?

- L.L.: Eu creo que se mantén e que incluso vai ir un pouquiño a máis, sobre todo grazas ao Camiño de Santiago, que está aumentando a pasos axigantados. Falamos agora duns trescentos mil visitantes peregrinos, e creo que cos anos chegaremos á cifra de un millón; ten en conta que as axencias xa están traballando co Camiño Portugués, co Camiño Primitivo, co Camiño Inglés, e demais. E xa pensando no próximo Xacobeo eu penso que 2021 vai a ser un ano moi bo.

Pazo de Eidián

Tlf: 691 57 81 32
Eidián, 5 - Agolada (Pontevedra)

Instituto de la Sordera

Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida.

AUDÍFONOS PRIMERAS MARCAS

- **Ajuste de sus audífonos** personalizados.
- **Revisión y seguimiento** de sus ayudas auditivas.
- **Mantenimiento y reparación** de sus audífonos.
- **3 años de garantía.**
- **Pilas gratis*** para sus audífonos.
- **Financiación a medida** para la compra de sus audífonos.
- **Ayudas técnicas** para TV y Telefonía.
- **Protección auditiva** contra el agua y ruido.
- **Productos de limpieza** y accesorios para sus audífonos.

***Según modelo y durante el 1º año.**

Compromiso de satisfacción total,
si no queda satisfecho le devolvemos su dinero.

Revisión Auditiva Gratuita

Garantía de Prestación Sanitaria
Establecimiento Sanitario Autorizado por la Xunta de Galicia nº E-15-001359

Pida su cita al T. 648 754 761

Ronda de la Coruña 34. MELIDE

Ven a probar la última tecnología y olvidate de las pilas!

AUDÍFONOS RECARGABLES
Sencillos, automáticos,estéticos

PHONAK life is on A Sonova brand